

WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ HUMORISTA GALEGO

Siro LÓPEZ LORENZO

(Xornalista)

sirolopezlorenzo@yahoo.es

1. FORMAS DO HUMOR

En linguaxe coloquial chamamos *humor* a toda creación intelectual ou artística que procura o divertimento do espectador, pero está claro que non todas as creacións no campo do humor teñen as mesmas características. Nós distinguimos tres variantes: comicidade, sátira e humorismo.

A comicidade procura a risa. A risa é a resposta a unha mostra de enxeño ou a unha escena cualificábeis de cómicas.

A sátira tamén procura a risa, mais non como un fin en si mesma, senón como arma contra alguén ou contra algo. A sátira consiste na ridiculización por medio da risa.

Comicidade e sátira son creacións humanas que, con variantes formais, aparecen en todas as culturas.

O humorismo é o causante do caos que se produce cando tratamos do humor. A comicidade e a sátira son xéneros de características evidentes e, aínda que ás veces se solapen, non resulta difícil entedelos e explicalos. No humorismo é todo máis sutil, máis suxeito á matización, polo que resulta máis doado identificalo e entendolo que explicalo. Porén, o máis difícil é definilo.

No o tentarei sequera. Como Bergson, que renunciou a definir a risa, pero non a explicala, eu direi algo sobre as características do humorismo e sobre a vontade do autor humorista:

- Característica común da comicidade e da sátira é a de revelarse na primeira ollada. A comicidade para producir a risa debe conseguir enganarnos un intre e só un intre; a sátira, para conseguir o mesmo efecto, debe permitírnos acceder ao significado oculto, tamén nun tempo brevísimo. Non ocorre o mesmo co humorismo, creación de ritmo lento na que non hai «factor sorpresa», porque, guiados polo humorista, imos vendo o que el quere que vexamos e sentimos o que el quere que sintamos. Paso a paso, secuencia a

secuencia, páxina a páxina, imos comprendendo e vemos lóxico o desenlace, por raro que resulte en aparencia.

- O humorista tenta sensibilizar ao espectador e pedirlle a comprensión ou a identificación solidaria para alguén que a necesita.
- O humorista preséntanos unha estimación da vida feita desde o sentimento, pero, contrariamente ao satírico, ante unha situación de manifesta inxustiza, o humorista preferirá mostrarse solidario coas vítimas antes que agredir ao inxusto.
- Se a comicidade e a sátira están claramente condicionadas polo obxecto, o humorismo é, sobre todo, o resultado dunha actitude persoal. A comicidade faise sobre algo e a sátira contra algo. O humorismo non necesita a existencia dun terceiro —espectador ou interlocutor—, porque pode ser o resultado da análise da propia intimidade.
- O mesmo dentro dos límites do suxeito que referido aos demais, o humorismo é unha actitude espiritual baseada no equilibrio entre a estimación sentimental e o xuízo intelectual. Por mor desta simbiose o humorismo é unha actitude complexa que require a liberdade interior do autor. Quen non sexa absolutamente libre, non poderá ser humorista.
- Así entendido, o humorismo non é unha filosofía porque non corresponde a ningún sistema, nin a ningunha disciplina, pero é unha forma de sabedoría humana, de madurez espiritual que, mesmo por iso, só se pode producir na madurez individual —que non ten por que coincidir coa biolóxica—, ou na madurez das culturas dos pobos. Falo, sobre todo, do *humorismo sarcástico*¹, que nos permite superar a adversidade co sorriso. Cervantes deunos unha lección maxistral no *Persiles*, ao afirmar que “la pena que no acaba la vida, la costumbre de padecerla la hace fácil”².

¹ Dou ao *sarcasmo* un significado convencional, correspondente ao “dito irónico, amargo e pesimista, que encerra unha queixa”, para referirme a unha manifestación do humor que decote se confunde coa sátira. Fago miña a descrición de Wenceslao Fernández Flórez cando no discurso de ingreso na Academia di ao falar do sarcasmo: “... cuya risa es amarga y sale entre los dientes apretados”. Nun artigo recente, Andrés Trapiello fai esta enxeñosa descrición: *El sarcasmo suele estar cosido con el hilo de la desesperanza y el pesimismo. En el sarcasmo asoma además, como punta de un iceberg, un pequeño fracaso. “Río por no llorar”*.

² Miguel de Cervantes. *Los trabajos de Persiles y Segismunda*. Libro III, cap. XII.

2. WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ HUMORISTA

Wenceslao sabíase humorista e sentíase orgulloso de selo. Por iso non entendo a nota 42 do libro *La cuentística de Wenceslao Fernández Flórez*, editado pola Deputación de A Coruña no 2001 cun interesante estudo de cinco investigadores, que di: “Wenceslao va a criticar este encasillamiento que se le hizo dentro de la literatura española como «humorista»”. Refírense á *Carta al director* que abre a obra *Tragedias de la vida vulgar*, da que recollen algún parágrafo. Pero esta conclusión é errónea. Abonda ler a carta, os mesmos parágrafos que eles subliñan, para comprobar que Wenceslao non rexeita a cualificación de *humorista*, senón a de *cómico*, a de *bufón*. Fai exactamente o mesmo que Cervantes, máis de trescentos anos antes, cando un estudante o saudou dicindo:

- *¡Sí, sí; éste es el manco sano, el famoso todo, el escritor alegre, y, finalmente, el regocijo de las musas!*

Cervantes explicoulle:

- *Ese es un error donde han caído muchos aficionados ignorantes. Yo, señor, soy Cervantes, pero no el regocijo de las musas, ni ninguna de las demás baratijas que ha dicho vuesa merced; vuelva a cobrar su burra y suba, y caminemos en buena conversación lo poco que nos falta del camino*³.

WFF coñecía as distintas formas do humor e no discurso de ingreso na Academia deixouno claro⁴. O único que non está claro nese discurso é que unhas veces chama *humor* e outras *humorismo* ao humorismo benévolo, o único obxecto da súa atención; sen embargo as súas reflexións son esclarecedoras e abundan para evitar confusións a quen faga una lectura atenta do texto.

A comicidade non lle interesa e a sátira nin a cita. O humorismo explícao como unha reacción distinta á cólera e a tristura ante una realidade que non nos gusta e que rexeitamos: “Cuando no gemimos ni nos encolerizamos ante lo que nos disgusta, no queda más que una actitud: la de la burla”. Na burla hai varios matices, como no arco da vella, e un deles é o humorismo: “El tono más suave del iris. Siempre un poco bondadoso, siempre un poco paternal. Sin acritud, porque comprende. Sin crueldad porque uno de sus componentes es la ternura. Y si no es tierno ni es comprensivo, no es humor” —humorismo, diríamos nós.

³ Miguel de Cervantes. Op. cit. Prólogo.

⁴ http://www.rae.es/sites/default/files/Discurso_de_ingreso_Wenceslao_Fernandez_Florez.pdf

Sinaladas estas características básicas do humorismo, apunta algunhas outras que se refiren máis ao humorista que á súa obra:

El humor tiene la elegancia de no gritar nunca, y también la de no prorrumpir en ayes. Pone siempre un velo ante su dolor. Miráis sus ojos, y están húmedos, pero mientras, sonrían sus labios.

En el fondo no hay nada más serio que el humor, porque puede decirse de él que está ya de vuelta de la violencia y de la tristeza, y hasta tal punto es esto verdad, que si bien se necesita para producirlo un temperamento especial, este temperamento no fructifica en la mayoría de los casos hasta que le ayudan una experiencia y una madurez. El poeta lírico, el dramaturgo, el simple narrador literario, el escritor festivo, pueden ser precoces. El humorista no.

Importante é tamén a alusión que Fernández Flórez fai ao humor da novela picaresca e ao de Quevedo, especialmente. Aquí si di que “satíricos, que no humoristas, son los gloriosos autores de la picaresca” e da risa de Quevedo que “muerde, acosa, despedaza, desatrailla jaurías de sarcasmos contra los vicios y las flaquezas humanas; silba en el aire como la correa de un látigo”. Naturalmente, á sátira da picaresca e de Quevedo, opón o humorismo de Cervantes no Quixote, que “no tiene precedentes y no tiene consecuentes; es una obra sin padres con los que buscarle parecido y sin hijos en los que se confirme su fisonomía especial”.

Se o humor do Quixote non ten precedentes, estamos ante a primeira narración humorística da literatura universal e temos en Cervantes o primeiro humorista; o creador do humorismo. Da análise do humorismo de Cervantes no Quixote saca a conclusión Wenceslao Fernández Flórez de que a tenrura é imprescindible no humorismo:

¿Dónde encontrar humor en la novelística nacional, si convenimos —como yo definiendo— que la ternura es el sentimiento indispensable, sine qua non, que se ha de combinar con la gracia para lograr este estilo?

Fala Wenceslao de Cervantes e do Quixote, pero ¿fala tamén de si mesmo e da propia obra? Todo canto fai e di nestes anos busca congraciarse co Réxime, polo que

salientar a tenrura dos seus escritos sería desviar a atención do que neles había de sátira; de denuncia e de burla do capitalismo, da Eirexa e do militarismo. ¿Era unha táctica ou realmente se vía como un humorista benévolo ao xeito de Cervantes?

Penso que se vía humorista benévolo. Na última entrevista que lle fixeron, responde con firmeza varias preguntas neste sentido:

- *¿Qué le parece el humorismo de sus antecesores?*
- *Desgraciadamente no eran humoristas.*
- *Entonces...*
- *Eran chistosos, y no es lo mismo.*
- *Cíteme una época de verdadero humorismo.*
- *La de los clásicos. Vino Cervantes. Vino el Quijote. Y después un largo punto.*
- *¿Y quién rompió ese punto?*
- *Sería petulante que yo lo dijera.*
- *No se preocupe. Dígalo.*
- *Después... llegué yo. Los que había eran escritores festivos que trataban de hacer reír*
- *¿Y usted?*
- *Yo procuré hacer un humor grave, serio, auténtico.*⁵

Wenceslao non deixaría de explicar, no resto da súa vida, as distintas formas do humor e que o humorismo é un fenómeno da época moderna. O 6 de nadal de 1956 facíao en Radio España e non teño dúbidas de que se alguén fai una pescuda aparecerán máis testemuñas. Fracasou. Non entendo por que, pero fracasou; como fracasaría Celestino Fernández de la Vega cando publicou *El secreto del humor*, en 1967; e como fracaso eu cada vez que interveño nun foro sobre o humor; o último en San Millán de la Cogolla, nun seminario inaugurado pola raíña Letizia, que tivo o bo gusto de facelo recordando o discurso de ingreso de Wenceslao na Academia para afirmar que o humorismo é cousa seria. Mentres a Fundación San Millán de la Cogolla, ou a Fundación Wenceslao Fernández Flórez non organicen un seminario para tratar do campo semántico do humor, con participación de humoristas, estudosos do humor e

⁵ Carlos Fernández Santander. *Wenceslao Fernández Flórez. Vida y obra*, Deputación de A Coruña, pax. 81.

membros da RAE, fracasaremos cantos tentemos poñer cordura na análise da creación humorística.

2.1. Comicidade, sátira e humorismo en Wenceslao Fernández Flórez

Na amplísima obra de Wenceslao hai moita comicidade, moita sátira e moito humorismo. A capacidade para a creación cómica é un don que o noso autor posúe e explota, con éxito, en toda clase de textos. A sátira está presente, con gran forza na crónica parlamentaria; pero non só na crónica parlamentaria. Sen embargo o que fai de Wenceslao un escritor diferente son as moitas páxinas que escribiu de auténtico humorismo. A cantidade e a calidade desas páxinas sitúan a WFF entre os grandes humoristas da literatura universal.

E aclaro, en contra da opinión de Wenceslao, que non hai una única forma de humorismo: o benévolo, que nace con Cervantes no *Quixote*. O humorismo ten moitas outras posibilidades; tantas como humoristas con talento para crear unha obra orixinal. Por exemplo WFF, quen na miña percepción non é un humorista especialmente tenro, pero fai a broma “desde a comprensión e a convición de que cravan máis fondo as frechas que se lanzan cun sorriso na punta”⁶.

Remato este apartado cunha obviedade: no humorismo é imprescindible o humor. A trécola do autor humorista consiste en enganarnos; en facernos crer que imos rir, e trocar a narración de tal xeito que a diversión desaparece, e a risa prometida convírtese en sorriso e emoción —no humorismo benévolo—; e en sorriso e identificación cordial co protagonista, en calquera outra forma de humorismo. Pero ten que haber esa prometida diversión, esa risa a transformar. Ten que haber gracia, humor.

Por iso, contos fermosísimos de WFF, como os titulados *Al declinar la vida, Junto a la muerte, Junto al amor* e *Boceto*, que aparecen en *La cuentística de Wenceslao Fernández Flórez*, non poden ser cualificados de humorísticos porque neles hai tenrura, pero non humor. En troques, nos titulados *Cuento de Nochebuena* e *Cuento de Semana Santa, Grano de sal, La casa invadida* e *La cita*, do mesmo libro, hai tenrura e hai humor.

No humorismo, WFF toca teclas moi diferentes. Sinalarei tres.

⁶ WFF di no citado discurso que cando escribiu *Las siete columnas, El secreto de Barba Azul* e *El malvado Caravel* non quería facer rir, senón cambiar a sociedade con frechas que levaban un sorriso na punta.

Reparemos no conto *Tribulaciones de un hombre adinerado*, do libro *Las gafas del diablo*, que me parece representativo dun determinado estilo. Estamos ante unha narración que, na miña opinión, podería figurar na antoloxía de literatura humorística máis esixente. Recordarán que se trata da crónica de sucesos que vai protagonizando o xove Wenceslao, un home de provincias que aínda se sente perdido na gran cidade que é Madrid, e debe ir a un determinado banco para cobrar un talón por un traballo que fixo para unha publicación inglesa. ¿En que radica o humorismo desta crónica?

No protagonista. É un antiheroe. Nisto segue Wenceslao —como todos os humoristas— o modelo cervantino. A diferencia está en que Don Quixote é un ser absolutamente candoroso e desvalido, e o Wencelao xove é só un inxenuo desinformado. Don Quixote fainos rir coas súas loucuras, pero cando non exerce de cabaleiro andante, cando é Alonso Quijano *el bueno* e fala con cordura, admíranos, conmóvenos e cáusanos mala conciencia da risa. O xove Wenceslao divírtenos, e aínda que entendemos as súas tribulacións e pensamos que o que a el lle pasa poderíanos pasar a nós, non temos mala conciencia da risa, e non deixamos de rir, aínda que nos solidarizamos con el.

Este personaxe inxenuo, desconcertado e un pouco perdido no diario vivir, vai ser sempre o Wenceslao das crónicas e contos que protagoniza. Por exemplo na visita á Bolsa, descrita en *El tapete verde*. Pode que fose así, realmente. No conto *Lance entre caballeros*, tamén do libro *Las gafas del diablo*, como o anterior, recorda que cando era neno, as follas das libretas, cheas de palotes e manchas de tinta, servían para redimir negriños en África, e advirte:

Aquello me impresionó mucho y aun tuvo la culpa de que yo me habituase desde mi más tierna infancia a considerar el mundo con un ingenuo asombro del que no he podido desprenderme.

O WFF que, inxenua e impudicamente conta as tribulacións da súa vida diaria, é un personaxe humorístico sobre o que construíra excelentes narracións.

Abondan as narracións humorísticas de WFF que tratan temas transcendentales, e esixen outro estilo e outros protagonistas. O anacoreta Pancracio de *Las siete columnas* e o oficial inglés J. W. Thompson, de *Jerusalén libertada*, son arquetipos do personaxe de crenzas firmes, que vai ser sorprendido por unha realidade que ignora. Os diálogos

de Pancraccio co demo, e do oficial Thompson con San Pedro, son extraordinarias creacións do humorismo en calquera cultura e tempo.

O terceiro grupo é o formado por narracións marcadas polo humorismo popular galego, que xustifican o título desta ponencia. En realidade penso que todo o humorismo de WFF é galego, pero nalgúns textos a influencia da tradición oral galega é máis evidente.

2.2. Wenceslao Fernández Flórez humorista galego

WFF atribúe á orixe galega de Cervantes o temperamento que lle permitiu crear “la más asombrosa obra de humor”, idea que ve reforzada polo feito de que “sea Galicia la región donde surgen más escritores humoristas”. Fai esta afirmación con convicción e con medo, polo que engade: “La gloria de España, la Patria común, cuya inquebrantable unidad sentimos y servimos tan ahincadamente, no sufre con esta apreciación menoscabo ninguno”.

O medo impediulle dar nomes de humoristas galegos porque, tendo o humorismo sentimental como a forma xenuína do humorismo, tería que dar como o primeiro e máis significado o de Castelao, e non ousou facelo. Pero da admiración que Fernández Flórez sentiu pola obra humorístico-literaria de Castelao son boa proba as adicatorias que lle puxo nos libros con que o agasallaba. En *Las gafas del diablo*, de 1918, escribiu: “Si ti escribises este libro, faríalo moi mellor”. Non é certo; Castelao xamais podería acadar a extraordinaria calidade desa escolma de narracións e artigos xornalísticos, pero si é verdade que o humorismo sentimental, tan cervantino e tan galego, que Castelao mostrou en *Cousas*, *Retrincos* e *Os dous de sempre*, non o facía, nin sabía facelo Wenceslao.

Entre Wenceslao e Castelao houbo sincera amizade e admiración mutua, ata que a distinta percepción da política os arredou, pero o moito que Wenceslao admiraba e quería ao líder galeguista vese na crónica que lle adicou cando defendeu no Congreso o idioma galego. Foi unha crónica única e irrepitible; ninguén máis mereceu tales eloxios. Por Castelao, simpatizou Wenceslao co galeguismo e formou parte do Consello Editorial da revista *Nós*, coa que os membros das Irmandades da Fala demostraban a validez do galego como idioma literario.

Moitos anos despois, en 1943, publicaría *El bosque animado*; un libro co que fixo humorismo galego ao xeito da tradición popular, e que supuxo un troco radical na súa narrativa. Puido ser apetencia e nada máis, pero penso que con esa obra tentou

congraciarse coa crítica literaria franquista, que se lle mostrara hostil e que desde ese momento entendeu que o autor anterior a *El bosque animado* non existiu⁷.

A min paréceme un texto máis lírico que humorístico, e como obra humorística considéroa inferior a *Las siete columnas* e *El secreto de Barba Azul*, das que non conviña falar.

En calquera caso, ¿estamos os galegos especialmente dotados para a creación humorística? E, se é así, ¿que hai de galego no humorismo de Wenceslao?

Á primeira cuestión respondo que si, porque está claro que os únicos auténticos humoristas españoles son galegos: Wenceslao, Julio Camba, Valle Inclán, Castelao, Silvio Santiago, Carlos Casares... E porque os galegos temos unha vivencia especial do humor. Podemos falar en clave de humor permanentemente e ata celebramos máis as crónicas políticas cando se fan en clave de humor. Un politólogo como Xosé Luis Barreiro Rivas non podería publicar fóra de Galicia.

Á segunda respondo tamén afirmativamente e, aínda que excede as posibilidades desta ponencia a análise das distintas manifestacións do humor en Galicia, detereime brevemente en dous aspectos que considero fundamentais: a presenza do humorismo macabro na deostada superstición galega, e a existencia da retranca como forma peculiar do humor.

2.3. Superstición e humorismo macabros

Naturalmente hai superstición en Galicia, pero na superstición galega hai un contido importante de creación humorística. Quen cre na veracidade dos contos da Santa Compañía, da Estadea ou do demo é supersticioso; pero quen os crea, non os cre. Quen os crea non é supersticioso, senón humorista, de aí que o espectador escéptico descubra nos relatos tradicionais das ánimas que vagan polas corredeiras galegas máis motivos de risa que de medo⁸.

En canto ao demo, está claro que nada ten co ser temible doutras culturas; pola contra, entre nós é un coitado que cando tenta levar unha alma sempre sae burlado.

⁷ Ao triunfar o franquismo Wenceslao tivo que dar explicacións sobre *Las siete columnas* por irreverente, e sobre *El secreto de Barba Azul* por subversiva. Lidas hoxe, esas explicacións permítennos comprender a difícil situación que o autor viviu no nacionalcatolicismo.

⁸ Tamén a morte é tema de moitos contos populares galegos, uns divertidísimos e outros máis filosóficos que recordan no plantexamento e estrutura os das antigas literaturas orientais; pero tamén a morte é fonte de inspiración para os nosos autores.

Sabíao WFF cando titulou *Las gafas del diablo* unha divertida escolma de narracións e crónicas, e explicou o porqué:

En cierto cuento muy conocido, el Diablo presta á un hombre candoroso unas gafas que tienen la extraña facultad de hacer ver las personas y las cosas no como aparecen, sino como son. Y aquel hombre ve la deslealtad de la amada, la ingratitud del amigo, la codicia del que simulaba no tenerla, la doblez del que creía justo, la mentira del que estimaba veraz... El hombre, aburrido, rompió las gafas. El diablo que se las había facilitado, era un espíritu transcendental. Suponga el lector amablemente, que otro diablo nos ha ofrecido unas nuevas gafas; pero no aquellas gafas terribles. Este diablo no ha de ser el diablo horrendo de las tradiciones de Castilla, siempre hosco, aparatoso y ceñudo, instigador de crímenes, que llevaba a los hombres que con él trataban a la hoguera y a la desesperación; sino el diablo que conocen los viejos campesinos gallegos, viejo también, con una mirada maliciosa y una sonrisa taimada; un diablo que es como un campesino de aquella tierra, que se ríe detrás de un valladar del susto de una rapaza, que goza con burlarse de las viejas, que sabe la importancia que hay que dar a esta vida; jovial, bonachón, receloso; que ayuda al zorro a entrar en el gallinero, y que si alguna vez recibiese proposiciones para comprar un alma, la cogería, la miraría, le daría cien vueltas y concluiría por observar:

— Cuando tú me la vendes, algún negocio piensas hacer á mi cuenta. No me conviene.

Un diablo así, manso y apacible, es el que nos ha prestado sus gafas para que á través de ellas miremos unas cuantas cosas habituales y menudas...

WFF era un home medoñento pero ao demo non lle tiña medo ningún. Nin ás ánimas en pena, como a de Fiz de Cotobelo, a quen converte no maior enigma do bosque animado. Nin ao espectro do gafe, en *El tapete verde*. Nin ás varias ánimas que, como nun terrible pesadelo, aparecen en *La fría mano del misterio*, exemplo notabilísimo de humorismo macabro, que cultivou sabiamente.

2.4. A retranca

A retranca galega, esa permanente e divertida inconcreción do noso dicir e actuar, converteuse nun tópico aceptado por todos, aínda que os alleos non saiban ben en que consiste e se limiten a dicir que cando atopan un galego na escaleira non saben se sobe ou baixa, e nós, convencidos de que non é certo, pero valorando o enxeño do dito, asintamos cun sorriso e aceptemos que así é.

A retranca é unha trécola intelectual que nos permite saír dunha situación conflitiva sen comprometermos. O arquetipo de resposta retranqueira vén dado por un dito anónimo, saído do enxeño popular galego: “Por un lado ti xa ves, e polo outro ¿que queres que che diga?”. Cando se nos pide unha resposta que non pode ser sincera, o mellor é botar man da retranca e seguir o modelo citado. Como fixo aquel cliente do bar nunha viñeta de Castelao, cando o taberneiro lle preguntou:

– *¿Que che parece o meu viño?*

O viño era ruín, pero o paisano saíu do apuro dicindo:

– *Por onde vai molla, e como refrescar, refresca.*

Ou como a vella que, nunha das miñas mellores viñetas, di aos que lle foron pedir para as festas : “Como vostedes xa viñeron outros, e tampouco levaron nada, que non se lles pode dar a todos”.

A retranca non encaixa en ningún dos moldes da ironía, nin dos da sátira, coa que se identifica. A retranca é sempre unha resposta defensiva, nunca agresiva.

A voz retranca é tamén castelá, e o dicionario da RAE dá a etimoloxía: de *retro* e *anca*, e defínea como “Correa ancha, a maneira de ataharre, que forma parte del atalaje y coopera a frenar el vehículo, y aun a hacerlo retroceder”.

Velaí como o nome dun aparello que serve de freo a unha carruaxe pasou ao idioma, con valor metafórico, para nomear unha actitude persoal, que tamén serve de freo nas relacións sociais. Porque iso é xustamente a intención de quen se vale da retranca: frear, mesmo facer recuar ao inoportuno.

A partir desta premisa resultan válidas definicións como “habilidade para dicir o que un quere e non o que outros queren que diga”, e “maneira de dicir o que un quere sen que pareza mal” ou “habilidade para falar con segundas intencións, en especial cando se procura unha graza intencionada no que se di”, que aparecen en tres dicionarios.

Esa actitude preventiva levámola os galegos, aínda hoxe, á fala coloquial nas relacións diarias, sobre todo cando se trata de tomar decisións que poden ter certo risco.

Expresións como “eu case preferiría...” son de uso común e, loxicamente, chaman a atención dos non galegos.

¿Está a retranca na obra de Wenceslao? Claro que si, e moitas veces. Por exemplo en *Teoría del gallego*, crónica dunha hipotética entrevista a un exministro da Monarquía, onde hai un alarde de retranca no esforzo de Wenceslao por evitar responder a certas preguntas:

– *¿Qué edad tiene usted?*

– *Soy joven. Soy muy joven.*

– *Si, pero ¿cuántos años?*

Le ofrecí un cigarrillo para suavizar. Me atreví a opinar:

– *Con todo respeto a sus procedimientos de interview, ¿no le parece más interesante preguntarme cuántos años desearía tener? Acaso yo pudiese aventurar una agradable teoría. Los hechos reales son áridos...*

E xa ao final da crónica, despois de publicar a restra de dislates que o exministro da Coroa dixo sobre Galicia, volve botar man da retranca para dicir que o exministro recibiu incontabeis eloxios e que el mesmo foi felicitado por moitísimos lectores pola descripción fiel dunha rexión tan peculiar e unha poboación tan excéntrica. Algún aproveitou para preguntarlle se os galegos levamos aneis no narís.

Agora si —respondo eu—; pero fóra de Galicia tamén. E pantalóns coa potra nos xeonllos. E pantalóns coa cintura tan baixa que ao agacharnos deixamos ver a regaña. E pantalóns novos rotos... E moitas outras cousas que inspirarían divertidísimos artigos e profundas reflexións ao gran humorista galego que foi WFF.